



OBSERVATÓRIO PARA A DEFENSA DOS DIREITOS E LIBERDADES

Compostela, 20 de Xullo 2010

D. Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galiza

Sr. Presidente,

EsCULcA é un Observatorio de ámbito galego que traballa na defensa dos dereitos e liberdades públicas garantidos na Constitución e nos Tratados Internacionais. Teña a ben pois, recibir a nosa opinión sobre algo que atinxe, estatutariamente, o núcleo dos nosos obxectivos e traballos.

Como ben sabe V., o Estado español é aconfesional, o que debe implicar “un principio de neutralidade dos poderes públicos en materia relixiosa”. Este principio veda “calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e estatais”. Portanto, a neutralidade do Estado obriga-o a prohibir-se a si propio calquer concorrencia, xunto dos cidadáns, en calidade de suxeito de actos ou actividades de signo relixioso. Así consta na Constitución e así o declara o Tribunal Constitucional, garante final dos dereitos e liberdades públicas; entre eles o do dereito a liberdade relixiosa e da aconfesionalidade do Estado.

Pois ben, V. foi eleito para presidir o goberno galego de acordo con o seu programa e ideário político e as funcións que lle atribuen as Leis. Non cabe a menor dúbida de que todas as potestades e funcións que corresponden aos cargos públicos son exclusiva e estritamente de carácter civil. Como tamén é certo que son os cidadáns, como tais, e non como crentes/non crentes, os que exercen os seus dereitos democráticos votando os seus lexítimos representantes.

Por conseguinte, emprazamo-lo a non participar, na súa condición de Presidente da Xunta de Galiza, na Oferenda ao Apóstolo que se celebra cada 25 de Xullo na catedral de Santiago de Compostela por tratar-se de un acto de carácter relixioso, e a manter en todo o momento un respecto escrupuloso ao principio de aconfesionalidade e neutralidade das institucións públicas en relación con as diversas igrexas ou cultos relixiosos existentes.

Os nosos mellores cumprimentos,
Fernando Martínez Randulfe